



Asociación Galega de Amigos
Da Maquinaria Agrícola Clásica (AGAMAC)
A Eirexe nº 1, Trasluste, Láncara, LUGO 27366
NIF G27338193
660302428
agamac@hotmail.com
www.agamac.org

O eslogan de AGAMAC, **“coidamos da terra”**, usa o móvil da maquinaria agrícola clásica para intentar **“Aumentar a autoestima do traballador do medio rural”**; deste xeito xúntase a paixón pola recuperación da arqueoloxía industrial agraria e un forte impulso á profesionalización do sector, xa que cremos que esta é unha rama de coleccionismo moi específica e diferenciada, que debe facer ver á poboación en xeral que estas máquinas contribuíron, contribúen e contribuirán a reducir a fame no mundo, razón de peso pola cal se deduce o forte vínculo rural do que se decide a restaurar unha máquina agrícola. AGAMAC, pretende estar presente en tódolos foros onde sexa posible aportar ilusión e optimismo hacia o logro de conseguir un rural máis sostible. Polo tanto, e resumindo, queremos servir de ponte entre os aspectos non productivos e productivos do agro mediante o reforzo da identidade social de tódolos implicados no progreso hacia un rural, que proxecte o seu futuro, tendo en conta o pasado.

BASES DO “I PREMIO AGAMAC A PROXECTOS DE MECANIZACIÓN AGRARIA”

PRIMEIRA: OBJETO DO CONCURSO.

Estimulala vocación profesional dos profesionais recién titulados na Escola Politécnica Superior de Lugo, en áreas relacionadas co desenvolvemento agroforestal.



Asociación Galega de Amigos
Da Maquinaria Agrícola Clásica (AGAMAC)
A Eirexe nº 1, Trasluste, Láncara, LUGO 27366
NIF G27338193
660302428
agamac@hotmail.com
www.agamac.org

SEGUNDA: PARTICIPANTES:

Poderán presentarse como concursantes tódolos alumnos da Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago de Compostela, que presentaran proxectos fin de carreira dende a convocatoria de febreiro de 2006, coincidindo co nacemento e creación de AGAMAC, admitíndose a concurso tres tipos de traballos:

- 1.-Proxectos de Enxeñería
- 2.-Estudos técnicos.
- 3.-Traballos de investigación .

Calquera das tres modalidades admitidas a concurso, terá relación co deseño de máquinas, mellora no manexo, seguridade, rendabilidade, xestión de parques, e en definitiva **calquera proxecto creativo e innovador que mellore a simbiose entre a máquina agraria o seu usuario e o entorno.**

TERCEIRA: PERIODICIDADE

A primeira edición do “*PREMIO AGAMAC A PROXECTOS DE MECANIZACIÓN AGRARIA*” realizarase no presente ano 2009, proxectándose a segunda edición para o ano 2011, co cal a periodicidade queda fixada en dous anos (bianual).



Asociación Galega de Amigos
Da Maquinaria Agrícola Clásica (AGAMAC)
A Eirexe nº 1, Trasluste, Láncara, LUGO 27366
NIF G27338193
660302428
agamac@hotmail.com
www.agamac.org

CUARTA: DOTACIÓN

Considérase dende AGAMAC, os seus órganos de goberno, e comité asesor, que a importancia dun premio para un recién titulado en enxeñería, ou sexa, para un futuro Enxeñeiro, debe de resultar moi motivador a percepción dun premio. Co cal, dende esta Asociación de ámbito Autonómico fará unha gran difusión do mesmo nos medios de comunicación, así coma entre os organismos, administracións e sector privado vinculado para que o premio sirva de base para a mellora na inserción laboral e profesional do premiado, así como tamén dos participantes.

A dotación económica será de 300 euros, placa conmemorativa, diploma acreditativo e xantar cos membros do xurado.

O premio poderá quedar deserto, sempre e cando a calidade dos traballos presentados non acade a calidade esixida polo tribunal.

QUINTA: DATA DO PREMIO , LUGAR DE PRESENTACIÓN E FORMA.

O premio **entregarase o 30 de maio de 2009**, na honra do San Cidre, que lembra a socioloxía do mundo rural hacia onde se proxectan tódolos obxectivos de progreso de AGAMAC e de tódalas entidades participantes e colaboradoras no premio. A **data límite de presentación a concurso dos traballos será o venres 22 de maio de 2009**, antes das dúas da tarde na Secretaría da Escola Politécnica Superior, situada no Campus Universitario de Lugo, (Universidade de Santiago de



Asociación Galega de Amigos
Da Maquinaria Agrícola Clásica (AGAMAC)
A Eirexe nº 1, Trasluste, Láncara, LUGO 27366
NIF G27338193
660302428
agamac@hotmail.com
www.agamac.org

Compostela). O fallo do xurado farase público 5 días antes á entrega do premio, comunicándollo aos concursantes e facendo público nalgún medio de comunicación.

Os traballos presentaranse en formato dixital, preferentemente pdf, en CD, DVD, ou unidade de almacenamento baixo soporte de conexión USB. De non estar disponible o traballo neste formato, presentarse en formato papel. En ambos casos se presentarán na citada Secretaría, rexistrando de entrada un oficio dirixido á Dirección do Centro.

SEXTA: XURADO, COMPOSICIÓN E FALLO.

O Xurado estará composto por:

→ Presidente de AGAMAC: que actuará como presidente do xurado.

→ Dous membros de AGAMAC.

→ Dous Mestres da Escola Politécnica Superior de Lugo

→ Dous membros da Prensa especializada (probablemente B&H editores e MOMA editorial).

→ Representante/s de ANSEMAT (Asociación Nacional de Maquinaria Agropecuaria, Forestal y de Espacios Verdes).

→ Un representante da administración autonómica en materia de desenvolvemento rural.



Asociación Galega de Amigos
Da Maquinaria Agrícola Clásica (AGAMAC)
A Eirexe nº 1, Trasliste, Láncara, LUGO 27366
NIF G27338193
660302428
agamac@hotmail.com
www.agamac.org

Todoos integrantes do xurado actuarán con voz e voto. No caso de empate nas votacións, o Presidente do Xurado terá voto de calidade.

O fallo do xurado será inapelable.

SÉPTIMA: DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

Do proxecto premiado, quedará copia do mesmo nos arquivos de AGAMAC, dando cumprimento á lei de protección de datos de carácter persoal, así como á normativa vixente en materia de propiedade intelectual (salvo que o autor solicite algún tratamento determinado para promoción do mesmo aos órganos de goberno de AGAMAC). Os proxectos non premiados, devolveránselles aos seus autores á maior brevidade posible.

En Láncara, Lugo, a 20 de febreiro de 2009.

O Presidente		O Vicepresidente
	CIF G-27338193 A Eirexe, 1 - Trasliste - Láncara LUGO 27366 (España)	
Marcos Vázquez Marey		Jenaro Líz Rodríguez

NOTA: este premio foi aprobado en dúas Asambleas de AGAMAC e as bases redactadas conforme a reunións da xunta directiva e tamén con partes integrantes do xurado.